

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026753	IES A Pontepedriña	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación Dixital	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

## 1. Introducción

A Educación Dixital desenvolve un papel fundamental na sociedade actual pois proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas indispensables para satisfacer as necesidades tanto individuais como colectivas. Esta materia achégalle ao currículo a satisfacción das necesidades mediante a análise e uso dos dispositivos tecnolóxicos, a innovación, o traballo en equipo e o carácter interdisciplinar e emprendedor necesarios para traballar coas novas tecnoloxías por unha cidadanía crítica.

A contribución desta materia ao desenvolvemento das competencias clave plasmarase na utilización por parte do alumnado dun vocabulario técnico preciso elaboración de programas e documentos na comunicación lingüística, a configuración e administración de máquinas e sistemas operativos, aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos ou asumindo hábitos seguros no contexto das redes de comunicación, competencias que tamén se favorecen analizando o funcionamento de programas, aplicacións e sistemas operativos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións dos hábitos sociais en internet na competencia matemática e as competencias básicas en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

A competencia dixital, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das ferramentas dixitais para procurar e almacenar información, obter e presentar datos, simular sistemas, así como na elaboración de programas ou utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas. Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cidadá alcanzanse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, reflexionando sobre a súa pegada dixital e analizando a interacción entre o desenvolvemento da dixitalización e os cambios socioeconómicos e culturais que produce. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguense nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos. A conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos da dixitalización en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En resumo, esta materia ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto da dixitalización e que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os compoñen e a súa función no conxunto, configurando as súas características en función das necesidades persoais e mediante diferentes medios dixitais para poder organizar a información dun xeito eficaz.				2			3	
OBX2 - Organizar, deseñar e producir información dixital de forma individual e colectiva utilizando as ferramentas máis adecuadas para a súa publicación e difusión facendo un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas.	3	2-3	4	1-2-3	3-4	1-2-3-4	3	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional para crear solucións a problemas concretos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.				5	5			
OBX4 - Xestionar e protexer a pegada dixital aplicando medidas preventivas para identificar e reaccionar ante riscos e ameazas ao benestar persoal, facendo un uso responsable e ético da información e a comunicación dixital.	2	3	5	3-4	1-2-5	2-3	1	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Dispositivos dixitais e sistemas operativos	Configuración de dispositivos dixitais e sistemas operativos, organización da información	10	5	X		
2	Creación e edición de documentos. Writer	Tratamento de textos	12	15	X		
3	As follas de cálculo. Calc	Follas de cáclulo, gráficos e informes	12	15	X		
4	Ética e seguridade dixital	A pegada dixital e seguridade na rede	6	8		X	X
5	Imaxe. Gimp	Tratamento de imaxe dixital e deseño gráfico	15	18		X	
6	Presentacións. Impress	Presentacións dixitais con elementos multimedia	15	10		X	
7	Colaboración en rede	Colaboración en rede	5	5			X
8	Programación	Programación, desenvolvemento de programas	25	29			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Dispositivos dixitais e sistemas operativos	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Utilizar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	Coñecer os elementos fundamentais do hardware	PE	50
CA1.2 - Manter sistemas operativos, configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.	Coñecer elementos e funcións básicas do sistema operativo así como de aplicacións consideradas básicas.	TI	50
CA1.3 - Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión.	Xestión ordeada da información en cartafóis persoais en "Os meus documentos"		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Arquitectura de computadores: elementos, montaxe e configuración.</li> <li>- Sistemas operativos: configuración de usuario e operacións básicas de organización.</li> <li>- Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Creación e edición de documentos. Writer	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Confeccionar e maquetar as tarefas, sabendo traballar con opcións de formato no texto, parágrafos e imaxes.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital.</li> <li>- Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	As follas de cálculo. Calc	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Confeccionar e maquetar as tarefas, sabendo traballar con funcións básicas e gráficos.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.

UD	Título da UD	Duración
4	Ética e seguridade dixital	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións e valorando o benestar persoal e colectivo.	Hábitos sans de uso dos aparatos electrónicos.	PE	60
CA4.1 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet, configurando as condicións de privacidade das redes sociais e en espazos virtuais de traballo.	Non fornecer datos privados (nomes, direccións, fotos propias ou de compañeiros/as) cando traballemos con material susceptible de ser subido a internet.	TI	40
CA4.2 - Xestionar contrasinais nos distintos servizos e dispositivos dixitais de uso habitual.	Saber xestionar a súa conta na aula virtual e resto de plataformas utilizadas ao longo do curso		
CA4.4 - Valorar a importancia da protección dos dereitos de autoría, utilizando aplicacións, datos e creacións dixitais de terceiros de xeito ético, respectando as licenzas de utilización.	Utilización de licenzas CCO ou PDM. No caso de utilizar outras imaxes haberá que indicar a licenza na lenda e aplicar as condicións necesarias		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguridade de dispositivos. Xestión de contrasinais.</li> <li>- Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo.</li> <li>- Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta. Situacións de violencia e de risco na Rede.</li> <li>- Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Imaxe. Gimp	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Edición e manipulación de aspectos básicos da imaxe como dimensións (peso) brillo, cor e traballo con capas do programa Gimp.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tratamento básico da imaxe dixital.

UD	Título da UD	Duración
6	Presentacións. Impress	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Elaboración dunha presentación en grupo sobre algún dos temas propostos polo profesor, utilizando imaxes CC0, PDM, ou de autoría propia	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia.

UD	Título da UD	Duración
7	Colaboración en rede	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	Realización en grupo dun board na aula virtual sobre Santiago de Compostela	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

UD	Título da UD	Duración
8	Programación	29

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica.	Comprender algoritmos e diagramas de fluxo	PE	40
CA3.2 - Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores, dispositivos ou móbiles, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Realización dun xogo por ordenador ou un programa para o robot mbot	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Utilización de estruturas básicas de programación.
- Uso de datos. Constantes e variables.
- Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado. Utilizarase unha metodoloxía activa con traballos prácticos, para coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián, que permitan mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir documentos dixitais de diversos tipos e sempre respectando as licenzas e dereitos de autor.

En cada avaliación haberá proxecto dixital de aplicación dos contidos con metodoloxías que fomenten a resolución colaborativa (nalgún momento cooperativa) e creativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, promovendo a participación do alumnado cunha visión integral da disciplina.

Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.



O desenvolvemento de proxectos que teñan por obxectivo a creación de aplicacións sinxelas que resolvan problemas, afondarán no coñecemento do pensamento computacional.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais, promovera a liberdade de expresión o respecto polos demais e aplicando as normas da etiqueta dixital.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenadores da aula de informática
Aula virtual
Agueiro (De momento aínda sen crear)
sitios de internet como <a href="https://search.creativecommons.org">searsh.creativecommons.org</a> , <a href="https://scratch.mit.edu">scratch.mit.edu</a>

Utilizaranse os ordenadores da aula de informática con acceso a internet e as maqueta Abalar como sistema operativo (xa vén cos programas de ofimática e de programación instalados)

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha proba co ordenador para facer unha estimación da competencia dixital en xeral do grupo e de se hai algunha persoa que destaque claramente por riba ou por baixo desa estimación. Comezarase cada unidade facendo preguntas xenéricas en grupo para coñecer o punto de partida dos e das alumnas e servir de vínculo coa materia a impartir.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>6</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>5</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	0	0	60	0	0	0	40	<b>19</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	100	100	40	100	100	100	60	<b>81</b>

### Criterios de cualificación:

#### CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

UD 1. Dispositivos dixitais e sistemas operativos

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 50%

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 50%

UD 2. Creación e edición de documentos. Writer

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100%

Alguns dos contidos poderanse avaliar a través da realización dunha proba obxectiva no ordenador.

UD 3. As follas de cálculo. Calc

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100%

Alguns dos contidos poderanse avaliar a través da realización dunha proba obxectiva no ordenador.

UD 4. Ética e seguridade dixital

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 40%

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 60%

UD 5. Imaxe. Gimp

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100%

Alguns dos contidos poderanse avaliar a través da realización dunha proba obxectiva no ordenador.

UD 6. Presentacións. Impress

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100%

Alguns dos contidos poderanse avaliar a través da realización dunha proba obxectiva no ordenador.

UD 7. Colaboración en rede

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100%

UD 8. Programación

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 60%

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 40%

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos otorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

En caso de que algunha persoa copie nun exame ou entregue unha tarefa que non sexa da súa autoría ou a ceda para estes menesteres (sen recoñecelo) será cualificado o exame, tarefa ou conxunto de tarefas cun cero. Queda a criterio do profesor. A proba só lle será repetida en caso de haber un tempo razoable antes da avaliación

A cualificación da 1ª avaliación virá dada polo 30% da UD1, 34% da UD2 e 34% da UD3

A cualificación da 2ª avaliación virá dada polo 10% da UD4, 45% da UD5 e 45% da UD6

A cualificación da 3ª avaliación virá dada polo 5% da UD4, 10% da UD7 e 85% da UD8

A calificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do

curso con dous decimais :de precisión.

Cálculo da nota final:

Nota final = 34% da 1ª avaliación + 34% da 2ª avaliación + 32% da 3ª avaliación

### **Criterios de recuperación:**

Para superar a materia é preciso acadar un mínimo de 5 na media ponderada de cada avaliación. Ao longo do curso o profesor concretará os prazos, traballos, tarefas e/ou exames para que o alumnado poda recuperar os contidos suspensos.

As porcentaxes a aplicar para as ponderacións serán as mesmas, tomándose as notas das recuperacións só no caso de que as calificacións sexan mellores ás obtidas anteriormente na mesma proba traballo ou tarefa.

En caso de que a media da ponderación das tres avaliacións, nas porcentaxes que se indican nos criterios de cualificación, sexa menor a 5, o alumnado terá dereito a un exame de recuperación de todos os contidos do curso e que se realizará a finais da terceira avaliación.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Neste curso 2023/2024 non hai ningún alumno/a nestas circunstancias. En previsión de que poida incorporarse ao centro algún alumno/a con estas características queda establecido un:

Plan de Traballo

Este plan de traballo ofertase dende o departamento de Tecnoloxía para aqueles estudantes coa materia suspensa que queiran recuperala sen ir o exame extraordinario de maio. É, por tanto, voluntario por parte dos estudantes. Con este plan tratarase de que se recupere a materia ó longo do curso seguindo as instrucións que se explicitaran.

O esquema que seguira este plan de traballo será o mesmo para tódolos cursos cambiando unicamente os contidos mínimos e os criterios de avaliación que serán os correspondentes a cada nivel.

O plan de traballo será realizado polo departamento

Esquema:

Entrega dun caderno de exercicios para a realización do mesmo fora do instituto. Este caderno dividirase en dúas partes con distintos prazos para a súa realización. No caderno iran os obxectivos a cubrir así coma as actividades a realizar polo alumnado.

- Controis periódicos do plan de traballo que consistiran na entrega do caderno para súa corrección.

- Proba escrita (ou si é necesario proba práctica) de cada unha das partes do caderno, dúas probas ó longo do curso.

Avaliación do plan de traballo

O plan de traballo será avaliado polo departamento. Para recuperar a materia pendente será necesario entregar os cadernos correctamente cubertos así como acadar un cinco como mínimo en cada unha das probas escritas (ou prácticas si as houbera)

Datas do Plan de Traballo:

Outubro: entrega do caderno por parte do profesor/a ó alumnado

Novembro: primeiro exame

Febreiro: 2ª proba escrita

Abril: 3ª proba escrita

Proba Extraordinaria: Todo o alumnado ten dereito a unha proba extraordinaria no mes de Maio.

Os criterios de avaliación e os obxectivos de esa proba son os mesmos que para o plan de traballo e correspóndense cos criterios de avaliación e obxectivos mínimos de cada curso

A realización e a corrección da proba serán levados a cabo pola xefa de departamento A data da proba extraordinaria será determinada pola dirección do centro

Plan de recuperación de Xuño

Programaranse actividades para recuperar ao alumnado que non acade os estándares en Xuño cara a convocatoria extraordinario, atendendo ao perfil do mesmo e segundo o desenvolvemento da programación no curso

## 6. Medidas de atención á diversidade

Como medidas de atención a diversidade existen:

Realización de cursos a través da Aula Virtual o que permite que cada persoa leve o ritmo adecuado á súa aprendizaxe

Tamén para poder facer máis doados os contidos contamos con actividades básicas obrigatorias e actividades de ampliación. Creo que así se axuda ao alumnado con maiores dificultades a ter tempo para adquirir os contidos e, ao mesmo tempo, motiva a estudantes con maiores capacidades neses temas.

Ademais o propio sistema de traballo en grupo e proxectos axuda a atención á diversidade xa que estes proxectos poden variar en dificultade e duración de maneira que se adecúen a cada grupo, para que poidan obter os mellores resultados. O traballo colaborativo e cooperativo inherente a moitas destas actividades é a mellor ferramenta para acadar as capacidades e integración que se buscan.

E segundo as necesidades detectadas na aula tomaranse as medidas adecuadas para cada necesidade, seguindo as pautas que se recomenden dende o departamento de orientación, de diferentes asociacións ou de especialistas que as nais e pais consulten e comuniquen ao centro

Incorporase aquí o documento enviado pola inspección sobre as medidas de atención a diversidade

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN GALICIA

DECRETO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ordinarias: sen alteración significativa de obxectivos, contidos e criterios de avaliación (adaptación non significativa do currículo)

Extraordinarias: adaptacións significativas do currículo (autoriza IE)

- Adaptacións curriculares
- Agrupamentos flexibles
- Apoio PT/AL
- Flexibilización do período de escolarización
- PDC - PMAR
- FP Básica
- Atención domiciliaria
- Estranxeiros: grupos de adquisición de linguas e adaptación da competencia curricular

Decreto 229/2011 do 7 de decembro (DOG 21-12)

Orden del 8 de septiembre de 2021

- AC Adaptacións curriculares: modifica obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, require autorización IE
- RE Reforzo educativo: proceso ordinario co profesor

Orde do 6-10-95 regula adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG 7-11)

IE comproba: comisión xefe de estudos, titor, profesores+ conformidade de pais+ documento de adaptación curricular: datos persoais-físicos-psicosociais-sociofamiliares-escolares-pedagóxicos-profesorado participante

- Desdobramentos 1h/sem. Ciencias, Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía, Lingua estranx.

Orde do 1-8-97 desenvolvemento ROC (Art. 71- h)

- Agrupamentos flexibles
- Fragmentación de 3º e 4º ESO
- Flexibilización idade na etapa

Orde 27-12-02 criterios escolarización para alumnado nee (DOG 30-1-03)

- Grupos de adquisición de linguas (max 1 trim.)
- Grupos de adaptación da competencia curricular

Orde do 20-2-04 medidas de adaptación estranxeiros (DOG 26)

- Enriquecemento para altas capacidades
- Flexibilización da idade

Orde do 28-10-96 flexibilización de sobredotación (DOG 28-11)

- Desdobramentos en linguas e matemáticas
- Reforzo educativo en linguas e matemáticas
- Integración materias en ámbitos en 1º ESO
- Exención de francés

Orde 6-9-07 desenvolve ESO (DOG 12)

Resolución 27-7-15 (DOG do 29)

Materias optativas

Decreto 133/2007 ESO. Decreto 86/2015

Programas Diversificación Curricular (Autoriza IE)

- Ámbitos lingüístico e científico tecnolóxico (max 5-10)

- Materias comunes en grupos de referencia

Orde de 30-7-07 regula PDC (DOG 21-08)

IE comproba antes do 5 setembro:

proposta titora a DO+ informe DO+ Comision xefe estudos, DO, titor+ opinión de pais

Grupo 5-10 alumnos

Programas de Mellora de Aprendizaxe e do Rendemento/PMAR (Autoriza IE)

- Ámbitos lingüístico e social, científico tecnolóxico e linguas estranxeiras (max 5-10)

- Materias comunes en grupos de referencia

Decreto 86/2015 e Resolución 27-7-15

2º e/ou 3º ESO

Dificultades de aprendizaxe con esforzo

Cursa 1º ou 2º ESO e repite. Cursa 3º repite

Informa equipo docente, ditame DO, oídos país e alumnado. Proposta a IE.

Dende o departamento de tecnoloxía faise constar a ausencia de desdobres para as materias do departamento. Isto fai case imposible desenvolver, en caso de grupos numerosos, parte da programación recollida neste documento, baseado nas leis orgánicas que regulan neste momento o currículo das materias.

En canto as medidas de atención a diversidade segundo o departamento de Orientación do centro temos as seguintes medidas como recomendadas especificamente para alumnado que este curso recibe clase por parte do departamento:

Polo que respecta ao noso centro especificamente, para atender as necesidades

detectadas polos equipos docentes unha vez realizada a avaliación inicial, propóñense as seguintes medidas de acordo ao citado decreto:

#### 1.- MEDIDAS ORDINARIAS (Sección 2ª. Artº 8 p.2)

1.1.- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación dirixidos a alumnos e alumnas que están diagnosticados de TDAH e DISLEXIA; seguimos o protocolo de actuación:

PAUTAS E ESTRATEXIAS PARA BENEFICIAR O ALUMNADO CON TDAH

O alumno/a debe de estar sentado cerca da mesa do profesor/a.

- Asegurarnos en cada momento que o alumno/a entendeu a tarefa.

- Permitir máis tempo para realizar os exames.

- Os exames escritos completalos con exames orais, cando se observa que están incompletos, e sempre que sexa doado

- Cada enunciado só terá unha pregunta.

- Valorar o contido das respostas e non a ortografía ou composición do texto.

- Evitar que o alumno/a teña máis dun exame por día.

- Dar a coñecer a data das probas de avaliación con tempo de antelación.

- Controlar o tempo do exame, cada 10 e 15 minutos, o que axudará a que xestionen e organicen mellor os tempos en cada actividade.

- Supervisar que o alumno/a revise o exame antes de entregalo.

#### RECOMENDACIÓNS

##### DISLEXIA

Esta AC ten por obxectivo proporcionar ao alumno as ferramentas metodolóxicas e de acceso necesarias polo trastorno de aprendizaxe que presenta.

##### 1.- DITADOS:

-Contemplan a posibilidade de que o alumno poida realizar o ditado a ordenador.

- Ditados preparados.

- Corrixir unicamente as faltas de ortografía que fagan referencia á regra ortográfica que nese momento se estea traballando.

- Non se aconsellan os ditados realizados en audio (gravacións) nos que non se poida graduar a velocidade nin as pausas.

- Non é aconsellable que o alumnado afectado copie de novo un ditado por realizar varios erros ortográficos.

- A copia sistemática de palabras incorrectas non beneficia á integración da ortografía natural nin arbitraria.

##### 2.- COPIADOS:

- Reducir a cantidade de texto a copiar.

- Non utilizar frecuentemente como estratexia para reforzar a lectura e a escritura.

- Se o alumno presenta unha disgrafía asociada (Como características disgráficas sinálanse dous tipos de síntomas: os denominados signos secundarios globais, comprenden a postura inadecuada, soporte incorrecto do instrumento (lapis, bolígrafo, etc.), mala presión deste ou velocidade de escritura excesivamente rápida ou lenta. Por outra parte,

os síntomas específicos, poñen a súa atención en elementos do propio grafismo como gran tamaño das letras, letras inclinadas, deformes, excesivo espazado entre letras ou moi apiñadas, enlaces indebidos entre grafemas, letras irrecoñecibles e, en definitiva, texto de difícil comprensión) permitir que os copiados se fagan no ordenador.

### 3.- LIBROS DE LECTURA OBRIGATORIOS:

- Reducir a cantidade, libros máis sinxelos, menos extensos,...adequados ao seu nivel lector e moito mellor se o pode elixir o alumno/a xa sexa a través de cómics, revistas ou libros; se o material que se lle ofrece, está por enriba das súas posibilidades, o único que conseguiremos, é alimentar a súa fobia e a súa frustración en relación á lectura.
- Avaliar a través de traballos previamente estruturados ou da entrega dos resúmenes por capítulos.
- Evitar a realización de exames escritos dos mesmos.

### 4.- EXAMES

- Aumentar o tamaño da letra.
- Aumentar o interliñado.
- Fragmentar o texto en pequenas partes e intercalar preguntas de comprensión con outras de numerar; preguntas curtas coas de libre elección...
- Evitar preguntas de resposta aberta.
- Realizar unha lectura previa do exame.

### 5.- AVALIACIÓN:

- Permitir que o alumno/a responda na súa lingua materna ou que presente interferencias entre o castelán e o galego e non penalizalo por elo.
- Evitar a corrección en vermello.
- Evitar a corrección sistemática de todos os erros, faltas de ortografía, na súa escritura.
- Presentar as preguntas do exame por escrito (non ditar).
- Evitar que o alumno/a teña máis dun exame por día.
- Dar a coñecer a data das probas de avaliación con tempo de antelación
- Ofrecer alternativas complementarias de avaliación ao exame escrito: exame oral, exame tipo test...
- Avaliar as tarefas, probas, traballos ou exames en función do seu contido. As faltas de ortografía non deben influír na avaliación dos mesmos.
- Nas probas escritas asegurarnos de que comprendeu o enunciado de todas as preguntas. Despois de 5 ou 10 minutos de empezar o exame, é aconsellable preguntarlle se ten algunha dúbida e animarlle a preguntarnos se non entende ó longo do exame.

### 5.- RECURSOS:

- O ordenador é unha ferramenta das máis útiles, sobre todo en alumnado que presenta disgrafía e que a súa escritura vese gravemente afectada e pode chegar a ser ilexible. Sempre que sexa posible, débese aceptar o uso do mesmo para realizar as tarefas.

1.2.- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas dirixido a alumnos e alumnas de 1º e 2º de ESO con exención da 2ª lingua estranxeira que presentan dificultades continuadas de aprendizaxe, sobre todo nas áreas lingüísticas. Un grupo de 2º é apoiado por unha profesora da especialidade de Lingua Castelá e os cinco grupos restantes polas especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.

1.3.- Os programas de recuperación para alumnos e alumnas que repiten ou que pasaron de curso con obxectivos non conseguidos.

1.4.- Programas de enriquecemento curricular dirixido a alumnos e alumnas diagnosticados de Altas Capacidades co fin de proporcionarlle ferramentas para que amplíe, afonde ou investigue sobre temas relacionados coas súas aptitudes sobresaíntes.

2) MEDIDAS EXTRAORDINARIAS (Sección 2ª, Artº 9 do Decreto 299/2011, do 7 de decembro): Medidas que requiren modificacións significativas do currículo ordinario e cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, nos elementos de acceso ao currículo.

2.1.- Alumnado con dificultades a nivel motórico e con mobilidade reducida: presentan unha necesidade educativa permanente e para dar unha resposta correcta é necesario introducir axudas pedagóxicas de carácter persoal, material e técnico co obxectivo de acceder á súa aprendizaxe, coñecendo o seu entorno e as experiencias que poden levarse nel.

A resposta educativa do centro é ofrecerlle as adaptacións que se deben realizar para así proporcionar a atención máis apropiada ás necesidades que precisen:

2.1.1.- Adaptación nos elementos de acceso persoais ( profesoras especialistas de PT e AL apoiando na aula ordinaria e apoios individualizados nalgunha materia do currículo coordinándose co profesorado das mesmas) recursos e materiais necesarios, como o uso do ordenador táctil en todas as materias, iPad, mesas con escotadura...

2.1.2.- Adaptación nos elementos básicos do currículo referidos ás modificacións de obxectivos, contidos, estratexias de ensino-aprendizaxe e avaliacións: realización de Adaptacións Curriculares naquelas materias que o precisen.

2.2.- Programas de Mellora do Rendemento e Aprendizaxe (PMAR) constitúe unha medida de atención á diversidade que se está desenvolvendo en 3º curso de ESO, segundo o procedemento establecido pola consellería con

competencias en materia de educación.

Nos devanditos programas utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas, e, de ser o caso, de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, coa finalidade de que os alumnos e alumnas poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

2.3.- Unha novidade no curso actual é o ciclo de Formación Profesional Básica de Servizos Comerciais. O profesorado debe de ter sempre en conta a diversidade do alumnado e, se compre, recorrer a mecanismos que aseguren unha atención axustada ás características individuais dos mesmos, a través da identificación das súas necesidades educativas, da súa valoración e da posterior aplicación das medidas correctoras, metodoloxía adaptada ás necesidades de aprendizaxe e apoio individualizado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia	Saídas didácticas relacionadas coa materia			

### Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos das distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indícanse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación?
<b>Metodoloxía empregada</b>
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
<b>Clima de traballo na aula</b>
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.



Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
Outros
Do proceso de ensino
Da práctica docente,
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.

**Descrición:**

Escala do 1 ao 4

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación realízase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens despois de cada avaliación.

Para cada UD comprobaranse a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grao de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realízanse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realízase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realízase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación

**9. Outros apartados**